

Temporalización da actividade	
Luns 2 sesión de mañá	Mecanizado do cadro: panel portacompoñentes, ubicación dos carrís DIN, construción do circuíto de forza a partir do esquema.
Luns 2 sesión de tarde	Construción do circuíto de mando a partir do esquema. Elaboración de lista de materiais.
Martes 3 sesión de mañá	Montaxe do evaporador. Colocación da válvula de expansión termostática con equilibrador externo de presión. Interconexión da tubería coa unidade condensadora ubicando na liña de líquido o filtro deshidratador mais un visor. Interconexión eléctrica dos compoñentes de forza, regulación e seguridade (presostatos, relé termistórico, termóstato).
Martes 3 sesión de tarde	Proba de fugas empregando nitróxeno. Posta en marcha da instalación e regulación dos presostatos como seguridades, parando a cámara por termóstato, primeiro un mecánico e logo incorporando un electrónico. Realización do balance enerxético e diagrama P-h empregando lecturas de manómetros, termómetros e pinza amperimétrica. Elaboración de lista de materiais.
Mércores 4 sesión de mañá	Recollida do refrixerante e posterior abocardado da liña de líquido para colocar a solenoide. Proba de fugas da instalación empregando un pouco de refrixerante e nitróxeno para darlle presión. Execución do baleirado parcial entregando bomba de baleiro.
Mércores 4 sesión de tarde	Modificación do cabreado de manobra e interconexión da bobina da válvula. Posta en marcha da instalación e regulación dos termóstato para que corte a solenoide.
Xoves 5 sesión de mañá	Esquemas eléctricos de manobra incorporando neles o programador de desescarche e modificar o cabreado de forza e manobra integrando o controlador e un contactor

	de desescarche. Interconexión das resistencias de desescarche dos evaporadores. Analizar e describir as características do controlador de desescarche, tipo e valor da tensión de conexión, intensidade máxima admisible polos contactos de manobra, e tempos mínimos entre ciclos. Traballar os xeitos de axuste dos tempos de duración dos ciclos, poñendo en marcha, regulando o número de desescarches, intervalos entre eles, e tempo retardo de entrada do ventilador do evaporador. Elaborar a lista de materiais
Xoves 5 sesión de tarde	Recolle o refrixerante nunha botella limpa e valeira empregando a estación recuperadora. Modificar mecanicamente a cámara: válvula solenoide, retencións, tubaría de descarga de gas, tubaría da bandexa de condensados,...proba de fugas, baleirado e carga do sistema. Modificar mecanicamente a cámara intercalando unha válvula reguladora de arranque na aspiración do equipo.